

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 01 DE AGOSTO DE 2022

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037835P.

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 21 xullo 2022.
- Ordinaria de data 26 xullo 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 26 xullo 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 28 xullo 2022.

### 2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00033256Y.

#### **Aprobación do expediente denominado “Obras de reforzo de estruturas na rúa dos Concheiros nº 10, 12, 16 e 18”.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado “Obras de reforzo de estruturas na rúa dos Concheiros nº 10, 12, 16 e 18” e abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación e tramitación ordinaria, establecendose un tipo de licitación de **101.820,86 euros** (base imponible de 84.149,47 euros e IVE do 21% por importe de 17.671,39 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (Código de proxecto 2022 2 VIASU 14 1 REHABILITACIÓN DE FIRME DE VÍAS URBANAS).

### 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043338H.

#### **Adxudicación do contrato de Subministración de vehículos eléctricos puros ou con Etiqueta ambiental cero e de vehículos eléctricos híbridos ou con etiqueta ambiental, Lotes II,III,IV e V, e declarar desertos os lotes I e VI: Subministración e instalación da infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.**

Acórdase:

- Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Proxecto	Aplicación	Importe	C.Xestor
2021 4 ELEPL 62	2022 060 13200 6230002	19.495,52	02-Seguridade e Orde Pública
2021 4 ELEPL 62	2022 060 13200 6240002	243.999,11	02-Seguridade e Orde Pública
2021 4 ELEPC 63	2022 060 13500 6230002	6.500,00	04-Protección Civil
2021 4 ELEPC 63	2022 060 13500 6240002	47.999,49	04-Protección Civil
2021 4 ELEBO 64	2022 060 13600 6230002	6.500,00	05-Servizo Extinción de Incendios
2021 4 ELEBO 64	2022 060 13600 6240002	45.999,36	05-Servizo Extinción de Incendios

- Adxudicar o contrato de Suministración de vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental cero e de vehículos eléctricos híbridos ou con etiqueta ambiental, distribuídos nos seguintes lotes:

- lote 2 a BREGOGAN MOTOR, SL por importe de 44.978,10 euros sen IVE
- lote 3 a BREGOGAN MOTOR, SL por importe de 37.317,26 euros sen IVE
- lote 4 a CAEIRO REY, SL, por importe de 37.438,02 euros sen IVE
- lote 5 a CAEIRO REY, SL, por importe de 37.933,88 euros sen IVE

- Declarar desertos os lotes I e VI.

- Comprometer un gasto polos seguintes importes, que se imputará as seguintes aplicacións orzamentarias:

Lotes	Aplicación orzamentaria	Importe
Lote 2. Subministro de dous vehículos con etiqueta ambientalECO ou híbridos para a Policía Local.	2022 060 13200 6240002	54.423,50 €
Lote 3. Subministro de dous vehículos con etiqueta ambientalECO ou híbridos para a UnidadeMóbil Camuflada (UKM) da Policía Local.	2022 060 13200 6240002	45.153,88 €
Lote 4. Subministro dun vehículoeléctrico puro para o Servizo de Extinción de Incendios.	2022 060 13600 6240002	45.300,00 €
Lote 5. Subministro dun vehículoeléctrico puro para o Servizo de Protección Civil.	2022 060 13500 6240002	45.899,99 €

#### **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00050235S.**

#### **4. Adxudicación do contrato “Servizo de Oficina Técnica do Proxecto SMARTIAGO, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN)” á empresa SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE, S.L.**

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Servizo de Oficina Técnica do Proxecto MARTIAGO, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN)*” á empresa SCIENCE & INNOVATION LINK OFFICE, S.L por un importe total de **99.329,40 euros** (Base imponible: 82.090,41 euros, IVE do 21%: 17.238,99 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 410000 (código de proxecto: 2018 2 TIAGO 27 1 PROXECTO SMARTIAGO), conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: 99.329,40

#### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035096X.**

**Dar conta da revisión do IPC da prórroga do local nº 6 da Rúa Presidente Salvador Allende-6, destinado a Oficinas Municipais Atención ao Contribuínte.**

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local da rúa Presidente Salvador Allende 6-8 baixo, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre xuño de 2021 e xuño de 2022, que supón un incremento relativo do 10,2 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xullo de 2022 no importe mensual de 913,48 € mais 21% de IVE (191,83 €), total: 1.105,31 €, e importe anual de 13.263,72 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 1.227,60 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLITICA ECONOMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

Anualidade 2022 (01/07/2022 ata 31/12/2022): 613,80 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 31/05/2023): 613,80 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

#### **6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029942P.**

**Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da prórroga de aluguer do contrato do local sociocultural das Cancelas.**

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do *local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais*, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre xuño de 2021 e xuño de 2022, que supón un incremento relativo do 10,2 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xullo de 2022 no importe mensual de 708,29 € mais IVE 21% (148,74 €), total: 857,03 €, e importe anual de 10.284,36 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 951,96 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR..

Anualidade 2022 (16/07/2022 ata 31/12/2022): 436,32 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 15/07/2023): 515,64 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e ao responsable de Centros Socioculturais.

#### **7. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación dos pagos a conta de TRALUSA de xaneiro a xuño de 2022.**

**Proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá e Festas relativa á convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ós pagos a conta do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, nos meses de xaneiro a xuño de 2022 a prol de TRALUSA**

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente aos meses xaneiro a xuño de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de dous millóns, trescentos seis mil, setecentos sesenta e seis euros, con cero seis céntimos,

(2.306.766,06.-), a favor de "Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982", con imputación orzamentaria 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

#### **8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037543S.**

##### **Dar conta do decreto de desistimento recaído no procedemento PO 443/2021 CA2.**

Dase conta da resolución: Decreto 53/2022. Procedemento Ordinario 443/2021

Obxecto: Contra Decretos do 20.10.2021 ditados no expediente de reposición á legalidade 2021/8271Y e no expediente LIC/135/2018.

O Decreto acorda ter por desistido ao recorrente, devolver o expediente ao concello e arquivar as actuacións tralo acuse de recibo. Contra dita resolución cabe impoñer recurso de revisión en 5 días, sen prexuízo do cal se levará a efecto.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir aos Departamentos de licenzas e disciplina para os efectos do seu coñecemento.

#### **9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00014728Q.**

##### **Dar conta de sentenza recaída no PA 60/2022 CA2.**

Dase conta da sentenza 166/2022. Procedemento Abreviado 60/2022

Obxecto: Contra resolución do 19.04.2022 que desestima solicitude de revisión de oficio e devolución de liquidacións tributarias do IBI

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, xa que declara a non conformidade a dereito da resolución impugnada e o dereito da recorrente a percibir as cantidades indebidamente aboadas do IBI. Contra dita sentenza non cabe recurso ningún. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos da súa execución.

#### **10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037598R.**

##### **Dar conta da sentenza recaída no recurso AP 4056/2022 do PO 71/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 289/2022, do T.S.X. de Galicia con/ad sec.2

Procedemento: Recurso de apelación 4056/2022 ( Procedemento ordinario 71/2020)

Apelante: COMERCIO TRANSPORTES E AUXILIARES SL, EXCAVACIONES HERMANOS OTERO SL,

Obxecto: Sentenza nº 327/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela ditada no procedemento ordinario 71/2020, favorable ao concello.

Contía: Indeterminada

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois desestima o recurso e confirma na súa integridade a sentenza recorrida. A sección segunda da sala do contencioso administrativo do TSXG, ao igual que na sentenza desa mesma sala e sección nº 196/2022 AP 4063/2022 do 6.05.2022, favorable ao concello e que transcribe case na súa integridade, entende que o alcance das sentenzas invocadas de contrario non supuxo, nin a nulidade completa do proxecto de reparcelación, nin a do proxecto de urbanización, afectando só de xeito parcial a determinados gastos e conceptos, distintos e alleos aos gastos e conceptos polos que se xira a liquidación impugnada. Engade que dita anulación parcial non dispensa aos propietarios da obriga de contribuir aos gastos de urbanización non anulados. Finalmente non estima xustificade que a cuestión do nó de enlace da N 550 afecte á liquidación impugnada, xa que, ao tratarse de anulacións parciais, non queda acreditado de modo ningún que os gastos polos que se xira a liquidación se correspondan con obras inviables ou con proxectos ou plans non aproveitables. Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou ante a Sala

correspondente do Tribunal Superior de Xustiza, sempre que se acredite interese casacional. Impóñense as custas á parte apelante, co límite máximo de 1.000 euros, por todos os conceptos. Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de planeamento para os efectos do seu coñecemento.

#### 11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037835P.

##### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 22 ao 28 de xullo de 2022.

### URXENCIAS

#### 12. Cesión do uso de instalacións deportivas ao Arcebispado con motivo da Peregrinación Europea de Jóvenes.

Acórdase:

Primeiro. Conceder o uso, durante os días que a continuación se detallan, dos pavillóns polideportivos que se especifican no cadro seguinte, quedando obrigados a aboar o prezo que ven regulado na ordenanza fiscal 4.27, sendo de aplicación neste caso o apartado no que se fai referencia á utilización dos polideportivos para actos extradeportivos, por día e fracción. As instalacións de dita concesión son as seguintes:

INSTALACIÓNS	AFORO PERMITIDO	PREZO PÚBLICO	DATAS DE OCUPACIÓN	IMPORTE
Pavillón Municipal Lorenzo de la Torre	233	912,15 €	del 2 al 7 agosto	5.472,90 €
Pavillón Municipal de Fontiñas	373	912,15 €	del 3 al 7 agosto	4.560,75 €
Pavillón Municipal de Vite	336	912,15 €	del 2 al 7 agosto	5.472,90 €
Pavillón Municipal do Restollal	389	912,15 €	del 2 al 7 agosto	5.472,90 €
Pavillón Municipal de Pontepedriña	315	912,15 €	del 5 al 7 agosto	2.736,45 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Pío XII	285	456,15 €	del 3 al 7 agosto	2.280,75 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Apóstolo Santiago	320	456,15 €	del 2 al 7 agosto	2.736,90 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Vite I	306	456,15 €	del 3 al 7 agosto	2.280,75 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Quiroga Palacios	324	456,15 €	del 2 al 7 agosto	2.736,90 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Monte dos Postes	300	456,15 €	del 2 al 7 agosto	2.736,90 €
Pavillón Polideportivo do CEIP Lamas de Abade	300	456,15 €	del 5 al 7 agosto	1.368,45 €

O total a aboar polo uso das instalacións solicitados, seguindo o establecido na ordenanza fiscal 4.27 sobre “prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades nas instalacións deportivas municipais”, ascende á cantidade de **40.137,30 euros**. O pagamento do prezo público realizarase mediante pagamento na conta ES38-0182-5947-1400-0010-4013, definida no seu momento pola Tesourería Municipal.

Segundo. No que respecta á cesión de todos os espazos enumerados, a organizacióndeberá ter presente as seguintes obrigacións:

- a) Será responsabilidade única da organización ter elaborados os documentos que sexan necesarios para poder desenvolver as pernoctas programadas nas instalacións deportivas concedidas, coas máximas garantías de seguridade, tales como Declaración responsable, Plans de autoprotección, así como, calquera outro que sexa de obrigado cumprimento. O Concello de Santiago unicamente poñerá a disposición da organización o persoal da conserxería e de limpeza

necesario para atender as necesidades e apertura e peche formuladas polo solicitante, en horario diúrno (08.00h a 10.00h) e nocturno (21.00h a 0.00h). As instalacións solicitadas permanecerán pechadas en horario de 10h ata as 21h.

b) En cada pavillón haberá unha persoa responsable en representación da organización da PEJ 2022, que será o responsábel de non superar o aforo permitido en cada instalación e do cumprimento das normas de uso establecidas neste acordo. Os seus datos e contacto serán comunicados con antelación suficiente á ocupación dos espazos ao Departamento de Deportes no seguinte enderezo: [deportes@santiagodecompostela.gal](mailto:deportes@santiagodecompostela.gal). Ademais, será necesario contar en cada instalación cedida de mínimo dun voluntario da organización por cada 50 usuarios para a xestión e organización dos grupos no momento de uso.

c) Dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil en contía suficiente para atender as posibles deficiencias que se produzan nas instalacións deportivas concedidas, e a existencia de actos vandálicos ou de usos inadecuados por parte das persoas que participantes na PEJ 2022. Ao efecto, e antes da entrada dos grupos nos recintos deportivos, o responsábel do mesmo acompañado polo persoal do Departamento de Deportes, fará unha visita a todas as dependencias co fin de comprobar o seu estado. Unha vez finalizado o servizo e antes de ser abandonada a instalación, repetirase o mesmo protocolo para confirmar novamente o estado no que se deixa o recinto.

d) O Concello de Santiago non se fai responsábel dos roubos e/ou furtos que se puideran producir dentro dos recintos deportivos concedidos, nin de calquera incidente e/ou accidente que ocorrese entre o persoal da organización nin entre os asistentes como resultado de comportamentos inadecuados e/ou calquera outra circunstancia que os puidera causar. Así mesmo, o responsable da organización deberá adoptar todas as medidas de seguridade e prevención que sexan necesarias para garantir o correctodesenvolvemento deste evento.

Terceiro. Establécense as seguintes normas de uso esixíbeis as persoas usuarias destas instalacións:

- Unicamente poderán acceder ao recinto os colectivos e usuarios que teñen a concesión expresa por parte do Concello de Santiago.
- Non se permite o uso de fornos nin de ningún tipo de produción de lume no interior nin no entorno inmediato das instalacións.
- Non se pode introducir comida dentro das instalacións.
- Non está permitido acceder con envases de vidro e/ou cristal, botes ou calquera outro tipo de recipiente contundente.
- Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas dentro do recinto.
- Non se permite fumar.
- Non se permite o acceso de animais ao interior dos recintos, salvo no caso concreto dos cans guía.
- Está totalmente prohibido cuspir e tirar calquera tipo de lixo nas instalacións.
- Non se pode manipular os equipamentos deportivos existentes nas instalacións sen autorización previa.
- Recomendarase non deixar elementos de valor ou diñeiro na instalación.

□ O incumprimento das presentes normas e os comportamentos inadecuados e/ou vandálicos contra calquera dos elementos das instalacións ou contra outros usuarios, suporá a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

□ Ademais do establecido anteriormente, poderase engadir por parte da concelleira delegada de Deportes aquelas outras disposicións que considere pertinentes, tendo en conta que o obxecto das concesións é simplemente o de pernocta, sen ningún tipo de variantes.

□ O Concello de Santiago resérvase o dereito a anular ou suspender calquera concesión de instalacións se fose necesario, situación que se comunicaría coa máxima antelación á persoa e/ou colectivo afectado.

### **13. Aprobación do proxecto Pista multideportiva do SUNP-25 (para introducir correccións impostas pola Deputación).**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 27/07/2022 da obra "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns", que ten as seguintes características:

- Orzamento: 123.966,94 euros + 26.033,06 euros de IVE = **150.000,00 euros**.

- Prazo de execución: 60 días.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

### **14. Aprobación da xustificación do convenio coa USC para financiar a "III Feira de Emprendedores". Ano 2021.**

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación ESQ1518001A e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 por valor de **40.000.-€** con cargo á aplicación 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2022 número de operación 22021009355.

2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas

3. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2022.

### **15. Aprobación do convenio coa Plataforma polo Emprego para a concesión dunha subvención nominativa.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma Polo Emprego. O obxectivo deste convenio é o de aumentar a empregabilidade das persoas participantes a través de accións centradas na adquisición de hábitos, de capacitación profesional, na orientación e no acompañamento cara o emprego, favorecendo a inserción laboral, a través o proxecto COMPOSTELA CONVIVE. No orzamento municipal hai consignado, na aplicación 020 23103 4800002 para o 2022, unha transferencia nominativa a favor da mencionada entidade por valor de doce mil euros (**12.000€**).

Segundo: Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

### **16. Aprobación do convenio coa Cruz Vermella para a concesión dunha subvención nominativa.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (Programa Sen Fogar + Teleasistencia) pola contía de **85.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800015, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución

do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

### 17. Adxudicación dos servizos de xestión das escolas infantís municipais.

Acórdase:

Primeiro.- Proceder ao reaxuste das anualidades que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2021, que conta coa conformidade do adxudicatario, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

<b>ANO 2022</b>	<b>ANO 2023</b>	<b>ANO 2024</b>	<b>TOTAL</b>
428.564,31 €	1.254.334,57 €	836.223,05 €	2.519.121,93

Segundo.- Aprobar o gasto de 2.519.121,93 euros, exento de IVE segundo o previsto no artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto do Valor Engadido), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Anualidade 2024
080 32301 2279900	428.564,31 €	1.254.334,57 €	836.223,05 €

Terceiro.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a prestación do “servizo de xestión das Escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío- Salgueiriños de Santiago de Compostela” a ANA NAYA GARCÍA, SL, que oferta un importe **2.992.476,43 €**, exento de IVE).

O PCAP establece na súa cláusula 9 que a **duración do contrato estenderase desde o 1/02/2022 ou desde a data da sinatura do contrato ata o 31/08/2024**. Se o contrato non se inicia na data prevista (1/02/2022) adecuarase o importe do contrato proporcionalmente á diminución do prazo experimentada como consecuencia noretrazo no inicio da execución. Polo tanto corresponde adecuar este importe do contrato, estimando como data de inicio o 29/08/2022, resultando un importe de: 2.326.409,10 euros, polo que procede o reaxuste da garantía definitiva en función do prezo do contrato.

A empresa adxudicataria oferta 2 horas á semana de contacto/inmersión na lingua inglesa para todos/as nenos/as de 1-2 anos e de 2-3 anos.

A empresa adxudicataria oferta como melloras: Dotación de mobiliario, enseres e xogos por importe de 10.000 €. Dotación de contos, álbumes e recursos didácticos en galego por importe de 3.500 €. Dotación equipamento informático (PC) por importe de 3.600 €. Realización proxecto intervención plástica por importe de 2.000 €.

Cuarto.- Comprometer o gasto de 2.326.409,10 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, 080 32301 2279900

Anualidade 2022: 395.779,15 €

Anualidade 2023: 1.158.377,97 €

Anualidade 2024: 772.251,98 €